

SUBVENCIÓN	Programa do bono de alugueiro social
CÓDIGOS PROCEDEMENTO	VI482A e VI482B
PUBLICACIÓN	DOG número 12 do 20 de xaneiro de 2021. Resolución do 22 de decembro de 2020 pola que se convocan para o ano 2021, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa do bono de alugueiro social (códigos de procedemento VI482A e VI482B).
BASES REGULADORAS	DOG número 4 do 7 de xaneiro de 2019. Orde do 18 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.
OBXECTO	Axudas de bono de alugueiro social para paliar os efectos dos desafiuzamentos por non pagamento das rendas de vivendas alugadas e parar atender con carácter urxente a outras unidades de convivencia en situación de vulnerabilidade habitacional.
PROCEDEMENTO	Concorrenza non competitiva até esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria.
PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	As concesións iniciais poden solicitarse dende o 21 de xaneiro de 2021 até o 10 de decembro de 2021 agás previo esgotamento da partida orzamentaria.
	As prórrogas ordinarias ou extraordinarias débense solicitar dentro dos 2 meses anteriores á data de remate da concesión inicial ou da prórroga que estea percibindo.
	As persoas que a 20 de xaneiro de 2021 xa tivesen desfrutado os períodos ordinarios da axuda durante 3 anos poderán solicitar a prórroga extraordinaria até o 20 de marzo de 2021.
PERSOAS BENEFICIARIAS	Persoas desafiuzadas da súa vivenda por non pagamento das rendas
	Vítimas de violencia de xénero que residan nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para este colectivo e adscrito a unha Administración Pública
	Propietarias ou usufrutuarias que fosen privadas da súa vivenda habitual por danos sufridas nelas derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrepida (incendios, inundacións, etc.)
	Beneficiarias do programa Aluga que desfrutasen na súa totalidade da subvención e lles rematase o período máximo de axuda dentro dos 6 meses anteriores á data de presentación da súa solicitude de subvención do Programa de bono de alugueiro social
	Arrendatarias dunha vivenda de promoción pública de titularidade do IGVS ás que lles finalizase a vixencia do seu contrato a partir do 8 de xaneiro de 2019
	Aquelas nas que concorran circunstancias de emerxencia social e non acaden o límite mínimo de ingresos establecido no Programa de vivendas baleiras, a proposta da comisión de seguimento e coordinación de citado programa
	Residentes en vivendas de entidades financeiras ou da Sareb, en virtude dos convenios de colaboración asinados co IGVS, que rematasen o seu contrato de arrendamento dentro dos 6 meses anteriores á data de presentación da súa solicitude neste Programa de bono de alugueiro social
	Mozos/as menores de idade tutelados pola Xunta de Galicia, unha vez que acaden a maioría de idade e saian do réxime da tutela
Persoas privadas da súa vivenda habitual como consecuencia de procedementos xudiciais de execucións hipotecarias ou de acordos extraxudiciais de venda ou dación en pagamento ás entidades financeiras	

REQUISITOS XERAIS PERSOAS BENEFICIARIAS	Persoas físicas.	
	Estar empadroadas e ter residencia efectiva nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia durante os 12 meses anteriores á data de presentación da axuda.	
	No caso das persoas estranxeiras, residencia legal en España ademais do empadramento, agás vítimas de trata con fins de explotación sexual, que só precisan autorización de residencia por circunstancias excepcionais ademais do empadramento.	
	Titulares ou en condicións de subscribir un contrato de arrendamento nun concello galego cunha duración mínima de 1 ano, con mención expresa da súa referencia catastral. No caso de menores orfos por violencia de xénero ou vítimas de trata, o contrato de arrendamento poderá ser asinado pola persoa que posúa a patria potestade, tutela ou acollemento familiar.	
	A vivenda debe constituír o domicilio habitual e permanente.	
	Non ter, nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia (UC), vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora, nin tampouco vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade até o segundo grao. Tampouco se a arrendadora é unha persoa xurídica respecto dos seus socios.	
	Non ser propietario nin usufrutuario dunha vivenda en España, nin o solicitante nin a UC, con algunhas excepcións.	
	Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás o de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.	
REQUISITOS ESPECÍFICOS ADICIONAIS PERSOAS BENEFICIARIAS	Desafiuzadas	Non poden transcorrer máis de 9 meses entre a comunicación da interposición da demanda e a presentación da solicitude da axuda.
		Duración do contrato de arrendamento que provocou o desafiuzamento igual ou superior a 12 meses.
	Vítimas de violencia de xénero	Acreditar a situación de violencia de xénero con algún dos documentos establecidos na convocatoria, debendo ser emitido dentro dos 12 meses anteriores á presentación da solicitude. No caso de que se acredite a través de orde de protección ou medida cautelar, deberán estar vixentes no intre de presentación da solicitude e manterse na data de resolución desta axuda.
		Situación de violencia de xénero producida no seo dunha relación de convivencia.
		Cese da convivencia co agresor nos 12 meses anteriores á presentación da solicitude tanto en caso de ruptura da relación como de falecemento do agresor.
Privadas da súa vivenda por circunstancias imprevisibles e sobrevidas	Residencia mínima de 2 meses nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero e adscrito a unha Administración pública.	
	A circunstancia imprevisible e sobrevida (incendio, inundación, etc) debe ter acaecido nos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.	

REQUISITOS ESPECÍFICOS ADICIONAIS PERSOAS BENEFICIARIAS (continuación)	Antigas beneficiarias do programa Aluga	O período máximo de desfrute da programa Aluga debeu rematar dentro dos 6 meses anteriores á data da presentación da solicitude do programa de bono de alugamento social.	
		Non deben ter sido demandadas por danos causados na vivenda alugada a través do programa Aluga.	
		Non deben ter débedas por un período superior a 2 meses derivadas de subministracións de agua, electricidade e/ou gas da vivenda alugada mediante o programa Aluga	
		Non ter perdido nin renunciado á subvención do programa Aluga antes de ter rematado o seu período máximo	
	Antigas arrendatarias dunha vivenda de promoción pública titularidade do IGVS	O contrato de arrendamento debe ter finalizado a súa vixencia e ademais entre a finalización do contrato de arrendamento e a presentación da solicitude da axuda non deben transcorrer máis de 3 meses.	
	Aquelas nas que concorran circunstancias de emerxencia social e non acaden o límite mínimo de ingresos establecido no Programa de vivendas baleiras	Require proposta da comisión de seguimento e coordinación do Programa de vivendas baleiras e informe dos servizos sociais do respectivo concello que acredite a circunstancia excepcional.	
	Mozos/as que tendo estado tutelados pola Xunta de Galicia cumpran a maioría de idade	Contan co prazo de 1 ano contado dende a data en que saian do réxime de tutela da Xunta de Galicia para solicitar a axuda.	
Persoas privadas da súa vivenda habitual como consecuencia de procedementos xudiciais de execucións hipotecarias ou de acordos extraxudiciais de venda ou dación en pagamento ás entidades financeiras	Entre a data de presentación da solicitude da axuda e a data do decreto de adjudicación da vivenda ou, de ser o caso, do acordo extraxudicial análogo entre a entidade executante e a persoa afectada non poden transcorrer máis de 12 meses.		
EXCLUSIÓN	Non poderán ser beneficiarias deste programa aquelas persoas que tivesen concedida esta axuda nos 3 anos anteriores á data de presentación dunha nova solicitude, así como aquelas outras que esgotasen o período máximo de desfrute ordinario desta axuda, con excepción daquelas persoas que estean en situación de vulnerabilidade no marco do Programa de vivendas baleiras e así sexa apreciado pola comisión de seguimento do citado programa. Neste caso, a duración non poderá exceder o período máximo de desfrute destas axudas.		
RENDA MENSUAL MÁXIMA DA VIVENDA E CONTÍA DA AXUDA POR MUNICIPIO	Renda mensual máxima	Municipio	Contía mensual da axuda
	450 €	A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo	225 €
	400 €	Provincia da Coruña: Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo	220 €
		Provincia de Lugo: Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro	
		Provincia de Ourense: Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia	
350 €	Resto de concellos	175 €	

*No suposto de que a persoa beneficiaria non dispoña de contrato de alugamento no momento da concesión recoñeceráselle inicialmente unha axuda por importe de até un máximo de 225 euros mensuais, condicionada á achega do correspondente contrato.

**A axuda ten carácter anual, pero existe a posibilidade de solicitar até dúas prórrogas ordinarias sucesivas de 12 meses cada unha até acadar unha duración máxima de 3 anos. Así mesmo, existe a posibilidade de solicitar, ao finalizar o período anterior, unha prórroga extraordinaria cunha duración máxima de 3 anos.

***Existe una AXUDA COMPLEMENTARIA de como máximo 600 € (única no intre de concesión inicial) para a constitución de fianza, a alta en subministracións ou, no caso de permanecer na vivenda obxecto do procedemento xudicial de desafiuzamento, para atender cantidades pendentes derivadas do contrato de arrendamento que motivou o desafiuzamento.

****Durante o ano 2021 ás persoas beneficiarias do bono de alugueiro social serán tamén beneficiarias dunha concesión directa que cubre o importe que resta até o total da renda mensual.

Os ingresos da unidade de convivencia da persoa solicitante determinaranse calculando o rateo mensual dos ingresos netos correspondentes a cada unha das persoas membros da dita unidade de convivencia durante os 3 meses anteriores ao da presentación da solicitude, incluíndo no seu caso o rateo correspondente ás pagas extraordinarias.

INGRESOS ANUAIS UNIDADE DE CONVIVENCIA (IPREM anual en 14 pagas para o ano 2020 (7.519,59 €) multiplicado por 1,5)	Nº MEMBROS UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE MÁX. DE INGRESOS MENSUAIS
	1	751,96 €
	2	1.044,39 €
	3	1.174,94 €
	4	1.342,78 €
	5 ou máis	1.566,58 €
	Algún membro da unidade de convivencia con discapacidade	Aplicáraselle o límite máximo de ingresos do tramo seguinte ao que lle correspondese, segundo o número de persoas que integren a unidade de convivencia
	Fillos/as concibidos e non nados ou adopcións en trámite	Contan como membros da unidade familiar

DURACIÓN DA AXUDA	Carácter anual (12 meses consecutivos).		
	2 prórrogas ordinarias de 12 meses cada unha até acadar unha duración máxima de 3 anos.		
	1 prórroga extraordinaria cunha duración máxima de 3 anos que deberá ser renovada anualmente	1ª Prórroga extraordinaria	Límite do 75% do importe da renda máxima correspondente á zona territorial do seu contrato sen que poida exceder da que viña percibindo.
		2ª Prórroga extraordinaria	Límite do 50% do importe da renda máxima correspondente á zona territorial do seu contrato sen que poida exceder da que viña percibindo.
3ª Prórroga extraordinaria		Límite do 50% do importe da renda máxima correspondente á zona territorial do seu contrato sen que poida exceder da que viña percibindo.	

**DOCUMENTACIÓN A
PRESENTAR COA
SOLICITUDE**

1. Anexo I de solicitude.
2. Declaración de que non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales.
3. Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida para a mesma finalidade e o seu importe.
4. Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia ten no territorio nacional unha vivenda en propiedade ou usufruto, agás os supostos exceptuados no artigo 3.1.g das bases reguladoras.
5. Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia ten vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora. Así mesmo, que non exista vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, até o segundo grao, coa persoa arrendadora da vivenda ou con calquera dos socios ou partícipes da persoa xurídica arrendadora, de ser o caso.
6. Compromiso de presentar a documentación acreditativa do pagamento de parte do alugamento dentro dos dez (10) primeiros días naturais de cada mes.
7. Declaración de non estar incurso de ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
8. Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme o artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
9. Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.
10. Documento acreditativo da representación da persoa que actúe como representante, de ser o caso.
11. Anexo II, de comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia, distintos da persoa solicitante.
12. Anexo III, de compromiso das persoas asinantes do contrato de arrendamento de someterse ás condicións do Programa de bono de alugueiro social. Indicando o número de conta bancaria da persoa arrendadora e o da persoa arrendataria.
13. Informe dos servizos sociais do concello no que está empadroada a persoa solicitante, podendo empregar o Anexo IV.
14. Contrato de arrendamento da vivenda, cunha duración mínima dun ano e con mención expresa da referencia catastral. No caso de non ter formalizado contrato no intre de formalizar a solicitude, poderá achegarse no prazo de 2 meses contados dende a notificación da resolución da axuda, acompañado do certificado de empadroamento conxunto das persoas que integran a unidade de convivencia nesa vivenda e do Anexo III.
15. Xustificante de empadroamento conxunto de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia cunha antigüidade non superior aos 3 meses.
16. No caso de nai xestante, certificado médico ou documentación que acredite o citado estado.
17. Se é o caso, certificado acreditativo da situación de adopción en trámite.
18. De ser o caso, certificado de discapacidade da persoa solicitante e dos demais membros que integran a unidade de convivencia, de non ser expedido pola Xunta de Galicia.
19. No caso de persoas afectadas por un procedemento de desafiuzamento por non pagamento de rendas, copia da demanda interposta.
20. No caso de vítimas de violencia de xénero, documento acreditativo desta situación (só se admiten os que se detallan na convocatoria).
21. No caso de persoas privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, documento acreditativo desta situación (só se admiten os que se detallan na convocatoria).
22. No caso dos/as mozos/as maiores de idade e que saian do réxime de tutela da Xunta de Galicia, informe do correspondente departamento da Consellería de Política Social, acreditativo da data de saída do réxime de tutela da persoa solicitante.
23. No caso de persoas que foran privadas da súa vivenda habitual como consecuencia de procedementos xudiciais de execucións hipotecarias ou de acordos extraxudiciais de venda ou dación en pagamento a entidades financeiras, decreto de adxudicación da vivenda ou, se é o caso, o citado acordo extraxudicial. Coa solicitude de **prórroga** deberá presentarse:
 1. Anexo II de comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia.
 2. Anexo IV. Modelo de informe dos Servizos Sociais do concello no que está empadroada a persoa solicitante, no que se faga constar que subsisten as condicións de necesidade que deron lugar á concesión inicial, así como os ingresos de convivencia dos 3 meses anteriores á data da solicitude da prórroga.
 3. Anexo V de declaración da persoa arrendadora da vivenda de que a persoa arrendataria non ten ningunha reclamación pendente por non pagamento de rendas e/ou subministracións.
 4. Declaración formalizada polas persoas asinantes do contrato de arrendamento de que este se prorrogará nas mesmas condicións que o anterior.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN	O pagamento da subvención mensual realizarase mediante transferencia bancaria na conta da persoa arrendadora unha vez a arrendataria xustifique o pagamento da súa parte da renda mensual.		
	O pagamento da axuda complementaria realizarase, unha vez que se xustifique, mediante transferencia bancaria na conta da persoa arrendataria.		
	Durante o ano 2021 o IGVS aboará na conta da persoa arrendadora a totalidade da renda mensual mediante concesión directa da parte correspondente á persoa arrendataria.		
XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN	A xustificación da concesión realízase mediante o contrato de arrendamento		
	As persoas beneficiarias deberán xustificar o pagamento da súa parte da renda mensual	Renda superior ao importe da axuda	Presentación do xustificante bancario do pago na área provincial do IGVS correspondente nos 10 primeiros días naturais de cada mes
		Renda igual ou inferior ao importe da axuda	Presentación dunha declaración responsable de que segue residindo na vivenda alugada na área provincial do IGVS correspondente nos 10 primeiros días de cada mes
	A axuda complementaria de 600 euros xustificarase con	A acreditación do depósito da fianza	
		Os contratos de alta de subministracións	
		Os xustificantes de pagamento das cantidades pendentes (procedemento xudicial de desafiuzamento)	
Durante o ano 2021, debido á concesión directa que complementa a totalidade da renda, a subvención xustificarase mediante a presentación, dentro dos 10 primeiros días naturais de cada mes, dunha declaración responsable en que a persoa beneficiaria indique que continúa residindo na vivenda alugada, dirixida á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda.			